

# Celebran en Pontevedra o seu II Congreso

## As Comunidades de Montes constatan que a Xunta comeza a asumir as súas demandas

H. VIXANDE **II Congreso de Comunidades de Montes,**  
Coa asistencia de representantes de 130 **onde se constatou que a Xunta comeza a re-**  
montes veciñais, celebrouse en Pontevedra o **coñecer as súas eivas na política do sector.**



O II Congreso de Comunidades de Montes celebrouse os dous primeiros días de xuño en Pontevedra, paradoxalmente nun lugar que foi espoliado aos comuneiños do Lárez. A.N.T.

As comunidades de montes en man común celebran que a Xunta comeza a recoñecer coa boca pecha os erros cometidos na política forestal e na relativa aos montes comunais. Así, no II Congreso de Comunidades de Montes celebrado en Pontevedra os días 1 e 2 de xuño púxose de manifesto cómo o documento institucional "Análise para a ordenación do gando ceibe no monte", recoñécese os danos que produce este gando e asúmese a necesidade de procurar alternativas.

A ordenación das ganderías ceibes nos montes era unha vella reivindicación dos comuneiños, que estiman que é a vía para superar os conflitos. Agora, a Xunta acepta que unha das razóns do lume vén dada pola presenza deste gando no monte e a presión dos seus propietarios para conseguir pastos. Os comuneiños lembran que levaban anos dicindo que non só había que loitar contra lume, senón que se precisa prevención, algo que interpretan como a necesidade de non quedarse na limpeza do monte e de ir ás causas dos incendios.

A asunción parcial da Xunta desta tese representa un triunfo para os comuneiños, pero non se trata do único. A Administración autonómica recoñece que a fiscalidade nos montes é negativa e o Estado estudia modificala. "É un cambio mínimo, modificar a lei para no fondo non mudar nada, pero representa o recoñecemento de que non serve a política actual, o que significa reafirmarnos nas nosas posicións", indica o presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes, Xosé Alfredo Pereira Martínez, que resultou reelixido neste II Congreso

por unanimidade á fronte dunha directiva de continuidade.

### Diferencias coa Xunta

A pesar do recoñecemento oficial da necesidade dun certo cambio respecto á política de montes, subsiste un divorcio entre a Administración e as comunidades. As diferencias son acusadas en aspectos como a esixencia de presentar cualificacións catastrais na petición de subvencións. Esta cualificación non demostra a nin a propiedade nin os usos do monte, pero representa un gasto importante porque obriga a certificar todas as parcelas nas que oficialmente está dividido o monte, o que multiplica, ata por 500, os 18 euros que costa cada certificación e limita o acceso ás subvencións.

Para o presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes, Xosé Alfredo Pereira Martínez, as diferencias coa Xunta non só se dan no tocante á política forestal e de montes. Pereira ve unha hostilidade por parte da Xunta que se manifesta no apoio a unha entidade de comunidades de montes chamada *Mancomún*, que considera "fantasma". "*Mancomún* foi unha montaxe do PP creada xusto cando naceu a Organización Galega de Comunidades de Montes", asegura Xosé Pereira, que indica que "no rexistro de organizacións de comunidades de montes hai seis meses só figurá-bamos nós, hoxe imaxino que tamén e nestes anos só nós demostramos ter actividade, cos nosos congresos de Vigo, Poio e Pontevedra e, desde o de Poio, estamos plenamente consolidados e celebramos con regularidade asembleas e xornadas técnicas".

### Reformas lexislativas

No II Congreso da Organización Galega de Comunidades de Montes abordouse a necesidade de introducir modificacións lexislativas que permitan que os montes cumpran coas súas fun-



Xosé Alfredo Pereira Martínez foi reelixido por unanimidade presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes. A.N.T.

## A invasión urbanística motivo de conflito

A presión sobre o monte é unha constante desde hai moitos anos. Nuns casos porque a súa propiedade comunitaria faina obxectivo fácil das administracións públicas nos plans de dotación de infraestruturas sociais; noutros, polas contínuas apropiacións de monte comunal por parte de promotores privados para levar a cabo substanciais operacións urbanísticas.

Este Congreso Galego de Comunidades de Montes lem-

brouse da loita duns veciños en defensa do que era seu fronte a unha operación urbanística. Trátase do enfrontamento que libraron os comuneiños do monte da Balea en O Grove en 1977, que concluíu con varios encarceramentos de veciños que reivindicaban os seus dereitos.

En recoñecemento a esta loita, o Congreso Galego ren- deulle unha homenaxe ao finalizar o debate.

Por outra banda aínda que tamén no plano da presión urbanística sobre os terreos comunais, como indicou o alcalde de Pontevedra, o nacionalista Miguel Anxo Fernández Lores, durante a inauguración do acto, dábase o paradoxo de que este Congreso de Comunidades de Montes celebrábase nun lugar construído sobre territorio espoliado pola Administración autonómica á comunidade de veciños do Lárez. ♦

## A fiscalidade favorece o despoboamento rural

Unha das denuncias constantes formuladas neste Congreso da Organización Galega de Comunidades de Montes é o trastorno que provoca a nova fiscalidade introducida polo Ministerio de Facenda e que obriga ás comunidades de montes a pagar á Axencia Tributaria o 25% dos seus ingresos ao asimilalas a empresas convencionais.

"No caso das comunidades do litoral isto non ocorre porque investimos os beneficios do monte en obra social, pero non así nas comunidades do interior", explicou o presidente da Organización Galega, Xosé Pereira Martínez.

A elevada cantidade de comuneiños nos montes do litoral fai imposible repartir os beneficios e por esta razón os cartos invístense integramente. O que acontece no rural é que as

súas comunidades de montes carecen de capacidade para investir os beneficios do monte en obra social ou no mesmo monte, xa que non hai poboación que poda aproveitar a obra social, de modo que se ven na obriga de repartir os beneficios entre os poucos comuneiños que hai.

"No caso das comunidades do interior —explica Pereira Martínez—, os beneficios do monte representan un complemento da renda que permite mellorar os ingresos. Aplicarlle esta fiscalidade supón traer recursos e disuadir aos seus habitantes de continuar no campo; por esta razón debería desaparecer a fiscalidade para o monte, porque os beneficios axudan a fixar poboación nunha zona na que está a padecer un forte despoboamento". ♦

lación ás necesidades do monte.

Parellamente a ese acondicionamento lexislativo, os comuneiños reclaman unha política de montes axeitada que permita a sostiñibilidade e o desenvolvemento comarcal sen que os veciños perdan soberanía. ♦